

2018

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



**I
GA
DI**

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2018

1. Presentación.....	2
2. Documentación e investigación.....	2
3. Publicacións.....	3
4. Dinamización Acción Exterior de Galicia.....	5
5. Rede de Redes.....	6
6. Actividades e proxectos	8
7. Comunicación.....	11
8. Cooperación universitaria	12
9. Consello reitor.....	12
10. Conclusións.....	13

1. PRESENTACIÓN

O IGADI continuou en 2018 afondando no proceso de transición na asociación iniciado en 2017 baixo a dirección do seu novo director Daniel González Palau e o equipo de traballo do IGADI, xunto ao acompañamento do Presidente de Honra e fundador da organización, Xulio Ríos. O traballo de reorganización e relevo xeracional desenvólvese desde xullo de 2018 por medio do documento 'Liñas 2021: Un tempo novo para a paradiplomacia galega'.

Ao traballo específico de renovación da entidade, súmanse como de costume as nosas liñas de traballo e actividades tradicionais, apostando por consolidar as capacidades dun *think tank* independente de estudos internacionais; especializado na promoción de Galicia e da súa paradiplomacia internacional.



2. DOCUMENTACIÓN E INVESTIGACIÓN

Froito da natureza da nosa entidade, o traballo de análise e investigación, documentación e divulgación arredor das nosas áreas temáticas prioritarias cobra un valor central no traballo da entidade, o que a súa vez orienta o resto de actividades do IGADI.

CIDIC (Centro de Información e Documentación Internacional Contemporánea)

O CIDIC é o centro de documentación propio da asociación que retrata a Galicia e o mundo actual dende o final da Guerra Fría, construído ao longo da historia da entidade; converténdose nun centro único no país pola súa especialización sectorial.

O CIDIC atópase na sede central da entidade en Pontevedra e está aberto a consulta e visita por parte das persoas investigadoras que o desexen, cidadanía, sociedade civil, institucións.

No contexto actual foméntanse os intercambios con publicacións de think tanks e institucións análogas á nosa



en Galicia, España, Europa, Asia e América. Durante o 2018 recibimos publicacións periódicas de aproximadamente de 18 entidades, principalmente en castelán, inglés, portugués e francés. Entre elas destaca a apertura de relación de intercambio de publicación coa revista Iberoamérica, do Instituto de Latinoamérica da Academia de Ciencias de Rusia.

Igualmente, o CIDIC busca adaptarse aos novos tempos determinados pola preponderancia do sector dixital. Neste sentido, en 2018 abríronse contactos para explorar a dixitalización do arquivo e vinculalo á Universidade e Rede de bibliotecas de Galicia.

Liñas de investigación


Durante o 2018 o equipo do IGADI e a súa rede de colaboradoras e colaboradores seguiu a desenvolver traballo de análise e investigación nas áreas temáticas estratéxicas da entidade:

- ▣ Seguridade, conflitos e construción da paz (Áreas rexionais e análise país).
- ▣ Acción exterior de Galicia e paradiplomacia (Seguimento EGAEX, Paradiplomacia local, A Raia No Medio e Observatorio Galego da Lusofonía).
- ▣ China e mundo asiático.
- ▣ Axenda 2030, Cooperación Internacional e sistema de Nacións Unidas.

3. PUBLICACIÓNS

Informes Anuais: IGADI Annual Report e Nós no Mundo

Por décimo primeiro ano consecutivo elaboramos o informe anual IGADI Annual Report 2017-2018 co título “A mundialización en cuestión. Proteccionismo vs. Globalización: un dilema económico e político”. Entre outros temas, este informe puxo como foco de atención o pulso existente entre a resurrección do proteccionismo impulsado polos EUA baixo a administración de Donald Trump, o ascenso emerxente de China como novo actor influínte da globalización, a tensión nuclear



e a militarización en ascenso e os cambios políticos e electorais presentados en América Latina, África e Europa. Todo isto determinado na perspectiva de observar os alcances dun sistema internacional en transición. Ademais, por noveno ano consecutivo, o IGADI elaborou o informe “Nós no Mundo/We in the World 2018”, centrado neste ocasión co título “A paradiplomacia galega e a globalización do poder local”, focado na aprobación da Estratexia Galega de Acción Exterior

(EGAEX) e o papel das cidades na mesma, así como a nivel universitario (Congresos de Estudos Internacionais de Galicia), da diáspora ou no relativo á relevancia do feminismo na axenda global do S.XXI (Marcha Mundial das Mulleres)

Compre igualmente destacar a presentación do IGADI Annual Report 2017-2018 e do Nós No Mundo 2017-2018 realizada o 4 de xullo de 2018 no Pazo de San Roque co Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García.



Tempo Exterior

En 2018 publicáronse dous números da nosa publicación Tempo Exterior, revista de análise e estudos internacionais en galego de carácter semestral.

O nº 36 (período xaneiro-xuño de 2018) tivo como tema central á China de Xi Jinping tralo XIX Congreso do Partido Comunista chinés, os seus retos e desafíos, as súas relacións exteriores (principalmente cos EUA de Trump) e a cooperación internacional chinesa en África.



O nº 37 (período xullo-decembro de 2018), foi un monográfico dedicado ao estudo do indixenismo en América Latina, achegándose a estudos de caso en Ecuador, Arxentina, Brasil

Como actividade pública vinculada ao Tempo Exterior cómpre destacar a rolda de prensa de presentación do Tempo Exterior nº 35, Especial arredor do II Congreso de Estudos Internacionais de Galicia realizado en outubro de 2017 "Repensar Europa dende aquí", realizada o 12 de marzo de 2018 na Casa das Campás, Concello de Pontevedra.

Libro: "La China de Xi Jinping"

O fundador do IGADI e actual Presidente de Honra, Xulio Ríos, publicou neste 2018 un novo libro, "La China de Xi Jinping. De la amarga decadencia a la modernización soñada" (Editorial Popular, Madrid), enfocado en analizar as transformacións suscitadas no xigante asiático desde 2012, coa asunción de Xi Jinping ao fronte das altas autoridades estatais, e os retos que se lle presentan a súa visión do "soño chinés" en materia económica, xeopolítica, política e estratéxica.

Neste sentido, destacamos a presentación do libro no Concello de Moaña o 23 de novembro de 2018 en colaboración co Ateneo local.



4. DINAMIZACIÓN DA ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA

A promoción e participación de Galicia na sociedade internacional está no centro constituínte do IGADI e daí que entre as súas liñas de traballo tradicional destaque a promoción de políticas públicas para unha acción exterior de Galicia coordinada e con acento na lingua.

En marzo do ano 2018 o Consello da Xunta aprobou a Estratexia Galega de Acción Exterior, abrindo un novo marco institucional para a programación da acción exterior galega, o que mediou os nosos esforzos e iniciativas durante o 2018.

- No marco da aprobación da EGAEX, durante o ano 2018 realizáronse distintos encontros coa Dirección Xeral de Exteriores, a UE e Cooperación (Xunta de Galicia) a Secretaría Xeral de Política Lingüística da (Xunta de Galicia) e a Secretaria Xeral de Emigración (Xunta de Galicia), o Concello e a Deputación da Coruña, o Concello e a Deputación de Pontevedra e o Concello e a Deputación de Lugo.
- O 30 de marzo de 2018, o IGADI participou no Foro galego do Brexit, organizado pola Dirección Xeral de Exteriores, UE e Cooperación. Santiago de Compostela.
- No marco da aprobación da EGAEX, Daniel González Palau presentou aos responsables de acción exterior dos grupos políticos do Parlamento de Galicia o proceso de relevo xeracional no IGADI e o posicionamento da entidade fronte á EGAEX, realizáronse xuntanzas co PSdG (18/04/2018), o PPdG (25/04/2018), BNG (15/05/2018) e En Marea (25/06/2018).
- Durante 2018, o IGADI mantivo o seu compromiso coa Comisión de Acción Exterior do Consello da Cultura Galega (CCG).
- Realizáronse xuntanzas e contactos coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para presentar a EGAEX e activar mecanismos de coordinación entre a Xunta de Galicia e o municipalismo galego en materia de acción exterior.

- En 2018 reafirmouse igualmente a relación institucional co Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, no marco da estratexia de Expertos 2030 e Plan de actuación da Axenda Urbana
- No desexo de facer efectiva a EGAEX e no marco de activar medidas concretas en relación ao seu punto 7.2. “As 3 C: Colaboración, coordinación e coherencia” desenvóléronse os documentos de estudo, Bases de Acción Exterior, nos Concellos de A Coruña, Pontevedra e Santiago de Compostela.
- No desexo de facer efectiva a EGAEX e dotar de contido á Eurorexión Galicia-Norte de Portugal promoveuse o estudo “A Raia no Medio” coa colaboración do departamento de cooperación da Deputación de Pontevedra, identificando a axenda mediática e o sistema de comunicación transfronteirizo no marco da creación da AECT Río Minho..
- O 15 de outubro de 2018, o IGADI recibiu na súa sede en Pontevedra a visita institucional do grupo parlamentar do PSdG, da man do seu voceiro Fernández Leiceaga.



- O 23 de outubro de 2018 recibimos na nosa sede de Pontevedra a visita de Jesús Gamallo, Director Xeral Relacións Exteriores, a UE e Cooperación (Xunta de Galicia).



5. REDE DE REDES

Unha das sinais de identidade fundamentais da nosa é a combinación do traballo que vai do puramente analítico, investigador, propio dun think tank da nosa natureza, coa xestión de actividades, proxectos, liñas de traballo e institucións vinculadas coa súa misión e obxectivos estatutarios (1991).

A experiencia e a especialización sectorial da entidade xerou a capacidade de promover o traballo en rede con institucións e entidades galegas e internacionais, no obxectivo de promover a presenza internacional de Galicia a todos os niveis e ser un centro de referencia nos estudos internacionais así coma nas políticas públicas para a proxección internacional de Galicia.

Desta maneira moitos dos nosos esforzos canalízanse impulsando as entidades que naceron do IGADI, configurándonos coma unha rede de redes ou plataforma multidimensional para a acción exterior de Galicia, traballando dende a independencia, rigor, e a capacidade de traballo institucional transpartidario.

■ Durante 2018 o IGADI continuou a exercer a Secretaría Técnica do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que canalizou as súas actividades anuais na visibilización do compromiso do municipalismo galego coa Axenda 2030 e os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. O IGADI promoveu a fundación do Fondo Galego dende comezos dos anos 1990, exer-



cendo a súa Secretaría dende o 1997, ano de constitución da entidade.

■ Ao mesmo tempo seguimos a exercer a Secretaría técnica da [Fundación Plácido Castro](#), divulgando a figura e obra de Plácido Castro, por medio das súas actividades tradicionais, Conferencia anual e Premio Anual de tradución. O IGADI promoveu xunto á familia de Plácido Castro o nacemento da Fundación, constituída finalmente no 1999. O IGADI actúa de dinamizador da mesma exercendo a súa Secretaría.

O 25 de xaneiro de 2018 realizouse a XIX Conferencia Anual Plácido Castro no Concello das Neves (Pontevedra), baixo o título “Plácido Castro e o universalismo galeguista”, impartida polo fundador da entidade, Xulio Ríos, no marco do 85º aniversario da participación de Galicia no Congreso das Nacionalidades Europeas (1933).

■ Continuamos tamén a impulsar o [Observatorio da Política China \(OPCh\)](#) en colaboración con [Casa Asia](#), por medio de distintas actividades, da análise na web á elaboración de documentos estratéxicos coma o [Informe anual de Política China](#) ou o [Informe Taiwán 2018](#).

6. ACTIVIDADES E PROXECTOS

O IGADI realiza as súas propias actividades e proxectos presenciais en contacto directo coa cidadanía, as institucións e a sociedade civil galega, para a estimulación dunha cidadanía global e un país internacionalizado, capacitado e con ferramentas para o mundo do S.XXI.

As BAEX (Bases de Acción Exterior)

As BAEX, que ademais da Coruña tamén comezamos a elaborar en 2018 para os Concellos de Pontevedra e Santiago de Compostela, iniciando o proceso en Lugo, son documentos de estudo estratéxicos propostos ás cidades no marco da EGAEX.

Os documentos de BAEX diagnostican os irmandamentos, a participación nas redes de cidades e os mecanismos básicos do protocolo municipal co internacional, mais tamén as actividades e os programas dentro dos

Concellos que os unen ao global, do turismo á cooperación ou á promoción económica e cultural, os proxectos europeos...

As BAEX tamén identifican os actores do territorio relevantes na internacionalización da cidade “non sempre municipal, tamén metropolitano ou comarcal” e as principais liñas de traballo nesa dirección: desde a Universidade, as asociacións de empresarios, as Cámaras de Comercio, os emprendedores, as entidades de apoio aos Dereitos Humanos e cooperación internacional...

Finalmente os documentos de BAEX presentan un Plan de Actuación para definir unha serie de resultados e actividades que permitan ordenar, cohesionar e dotar de visión de futuro a actividade de acción exterior do Concello, na procura dun retorno medible e multiplicable (tanto no económico, coma no cultural ou social) que supere a anécdota, para realizar un traballo estratéxico en liña tanto coa Axenda 2030 como coa EGAEX.

Proxecto “A Raia no Medio”

No marco da constitución (marzo de 2018) da AECT “Río Miño” e da posta en marcha da Estratexia 2030 do Río Miño Transfronteirizo, o IGADI, coa colaboración da Deputación de Pontevedra, levou a cabo durante este 2018 o proxecto “A Raia no medio”, orientado á focalización dun mapa da comunicación transfronteiriza nos Concellos galegos e as Cámaras Municipais portuguesas establecidas dentro do territorio historicamente coñecido como “A Raia”.

Este proxecto, levado a cabo entre xuño e decembro de 2018 e conectado co espírito da “Declaración de Tui. Diluír a fronteira”, implicou a realización de entrevistas persoais ou pola vía dixital, aos representantes políticos dos 16 Concellos galegos e 10 Cámaras Mu-



nicipais do Norte de Portugal, pertencentes á AECT Río Miño, ao mesmo tempo que a máis de 35 medios de comunicación da raia.

O IGADI presentou o seu Informe final á Deputación de Pontevedra en decembro de 2018.

Ademais cómpre destacar outras actividades realizadas durante este 2018 polo equipo do IGADI, destacamos:

- O 11/01/2018, o IGADI, da man do seu Presidente de Honra, Xulio Ríos, participou na presentación do libro “A liberdade no século XXI”, de Enrique Sáez Ponte, asesor do IGADI, acto realizado na Casa de Campás (Pontevedra)
- Os días 02-03/02/2018, o noso fundador Xulio Ríos participou en Zaragoza no foro “Ascenso del Nuevo Espacio Indo-Pacífico”, co relatorio “La evolución política de China contemporánea”. Organizado polo Seminario de Investigación para la Paz.
- O 22/02/2018, o analista do IGADI, Roberto Mansilla Blanco, participou na conferencia “A Unión Euroasiática e as Novas Rutas da Seda: un novo mapamundi para o Século XXI”, no marco da Semana de China na Escola Oficial de Idiomas (EOI) de Vigo.



- O 27/02/2018, o noso Presidente de Honra Xulio Ríos impartiu a conferencia “Expertos estranxeiros na China. O desconcertante caso do galego Pepe Castedo”, no marco da Semana de China na Escola Oficial de Idiomas (EOI) de Vigo.
- O 23/03/2018, o Director do IGADI, Daniel González Palau participou na presentación do borrador do IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021, na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) en Santiago de Compostela.
- O 18/04/2018, Xulio Ríos recibiu en Madrid o Premio Cátedra China.
- O 26/04/2018, Daniel González Palau participou nas Xornadas “A experiencia do LaboraTE no desenvolvemento territorial” no IDEGA de Santiago de Compostela.
- O 05/05/2018, o IGADI e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade participaron na homenaxe a Fernando Vietez, no Centro Cívico Sur do Concello de Pontevedra.



- O 26/05/2018, en Viveiro (Lugo), o IGADI participou na xornada arredor de Lois Tobío, con motivo do 15º aniversario do seu pasamento.
- O 31/05/2018, o IGADI participou nas xornadas “A localización dos ODS e as políticas públicas municipais de cooperación ao desenvolvemento”, organizado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.
- O 05/06/2018, Xulio Ríos participou no foro “Relacións América Latina-China” na Casa de América de Madrid.
- Entre o 05-06/09/2018, Xulio Ríos participou no Instituto Cervantes de Beijing no Simposio sobre Diego de Pantoja e as relacións hispano-chinas.
- O 25/09/2018, o IGADI organizou a Mesa Redonda “México: política interior y exterior en tiempos de AMLO”, en referencia á próxima presidencia de Andrés Manuel López Obrador, realizada na Casa das Campás (Pontevedra)
- O 04/10/2018, o IGADI participou nas xornadas “Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible en Galicia: o papel da sociedade civil organizada”, da Coordinadora Galega de ONGD en Santiago de Compostela.
- O 11/10/2018, o IGADI, da man do seu director Daniel González Palau, participou no foro “Las relaciones China-Europa en un mundo global”, organizadas en Valencia polo IGADI, Casa Asia, CASS (China) e o Ajuntament de València.
- O 10-14/11/2018, Xulio Ríos participou en Xuzhou (China) no Foro Internacional sobre a Iniciativa da Franxa e a Ruta.



- O 19/11/2018, o IGADI participou no proxecto “Círculos de Lectura. Unha crítica social dos medios de comunicación” en Santiago de Compostela.
- O 19-20/11/2018, o IGADI participou nas xornadas “A Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento no marco da Axenda 2030”, na Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Igualdade e Cooperación da Universidade de Vigo.
- O 14/12/2018, o IGADI, da man de Roberto Mansilla, participou no “Foro Sociocultural Portugal-Galiza: Unha análise multisectorial” organizado pola Rede Galega de Empresa, Santiago de Compostela (Hotel Compostela)
- O 22/12/2018, o IGADI organizou a charla aberta con David Alvarado, analista do IGADI, sobre o tema: “A Revolta do Rif en Marrocos no contexto das primaveras árabes”, realizada na Casa das Campás, Pontevedra (Vicerreitorado Campus de Pontevedra, Universidade de Vigo).

- #UnhaHistoriaSXXI
- #OGALUS
- #PaRAdiplomaciaLocalGalega
- #ARaiaNoMedio



7. COMUNICACIÓN

Web e redes sociais

Así coma o traballo de análise máis académico e estratéxico canalízase por medio das publicacións físicas do IGADI a páxina web presenta con regularidade análises variados das persoas colaboradoras do IGADI.

Este ano elaboráronse un total de 125 artigos publicados na páxina web (frente aos 158 artigos realizados en 2017) distribuídos nas seguintes áreas: África (4), Asia (6), Cuba (2), EUA (16), Europa (7), América Latina (30), Oriente Medio (5), Rusia (5), China e mundo chinés (13), Acción Exterior de Galicia (10), Península Coreana (3) e Outros (24).

Nas redes sociais os distintos contidos da páxina web do IGADI desenvolvéronse por medio das seguintes etiquetas relacionadas coas nosas principais liñas de traballo durante o 2018;

- #NósNoMundo
- #OMundoDesdeAquí





Colaboración cos medios

Durante 2018, os analistas, investigadores e colaboradores do IGADI compareceron en emisoras de radio, prensa, revistas e televisións de diferentes países (Arxentina, China, Chile, España, México, Venezuela e Francia) para ofrecer os seus puntos de vista sobre temas de actualidade internacional.

No cometido de reorientar a nosa política de comunicación, o IGADI decidiu igualmente reorganizar o seu labor de colaboración cos medios a través da formalización de acordos que permitan tanto reforzar a nosa visibilidade como garantir a estabilidade e futuro da entidade.

8. COOPERACIÓN UNIVERSITARIA

III Congreso de Estudos Internacionais de Galicia

Durante este 2018, o IGADI, xunto co Observatorio de Gobernanza G3 da Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra), realizou unha serie de xuntanzas con vistas a organizar durante o primeiro trimestre de 2019, o III Congreso de Estudos Internacionais de Galicia”, baixo o título “Galicia, a Lusofonía e a CPLP”.

Neste sentido, o IGADI e o Observatorio de Gobernanza realizaron xuntanzas periódicas para definir os temas, colaboradores, datas e financiadores deste Congreso, que se realizará entre o 27 e 28 de marzo de 2019 na Facultade de Ciencias Sociais do Campus de Pontevedra, Universidade de Vigo. Estas xuntanzas realizáronse co Concello de Pontevedra, Deputación de Pontevedra, Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia, secretaria da CPLP e autoridades da Universidade de Vigo.

Estudantes en prácticas

En 2018, o IGADI acolleu como estudante en réxime de prácticas a Hugo Miguel Gonçalves (Universidade Fernando Pessoa), quen colaborou na posta en marcha do noso proxecto “A Raia no Medio”.

9. CONSELLO REITOR





O IGADI expresou o seu fondo pesar pola morte de Xosé Luis Rodríguez Pardo, activo colaborador histórico do IGADI e do seu Consello Reitor.

9. CONCLUSIÓNS FINAIS

O 2018 foi un ano intenso en canto a actividades e novedoso en relación á nova arquitectura da acción exterior galega que representa a EGAEX. O novo escenario abre potenciais vías de traballo para un salto de calidade en relación as nosas políticas públicas de acción exterior, que o propio relevo xeracional no IGADI deberá asumir.

Ademais dos retos en relación á actualización dos nosos obxectivos estatutarios e ao desenvolvemento das Liñas 2021, as nosas liñas de investigación prioritarias seguirán a ocupar o noso interese e a producir actividades e materiais que as defendan e as poñan en valor diante da cidadanía, sociedade civil e institucións galegas e internacionais.

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



**I
GA
DI**

WWW.IGADI.GAL